PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/01/2025 10:52:51
Nº Rexistro: 4471
Data envio: 03/01/2025 10:52:51.471

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de decembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento de Galicia

2.1. Asuntos económicos e contratación

2.1. d) Prórroga do contrato administrativo de prestación do servizo de cafetaría, comedores e servizos complementarios.

I. O contrato para a prestación do servizo de cafetaría, comedores e servizos complementarios foi formalizado o 20 de marzo de 2023, estendendo a súa duración, ao teor da cláusula cuarta, dous anos desde o seguinte á súa formalización. Polo tanto, o contrato finaliza o 20 de marzo de 2025.

II. A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a determinación do seu valor estimado e, polo tanto, para a elección do procedemento de adxudicación.

A teor da cláusula terceira e apartado cinco do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas, a duración do contrato estenderase durante dous anos desde o día seguinte á súa formalización, podendo ser obxecto de prórroga polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis.

III. Tratase dun servizo no que o prezo máximo do contrato se adxudicou por cento oitenta e nove mil oitocentos trinta e oito euros (189.838,00 €), IVE engadido, segundo o seguinte detalle:

- Prezo anual do servizo de cafetaría e comedores: cento vinte e oito mil douscentos trinta e oito euros (128.238,00 €), IVE engadido.

- Servizos complementarios: sesenta e un mil seiscentos euros (61.600,00 €), IVE engadido.

Os prezos unitarios de produtos de cafetaría son os establecidos no anexo que se achega ao contrato, que se corresponden co ofertado polo contratista conforme aos pregos.

Os prezos dos menús do día, aboados directamente polos usuarios da cafetaría e comedor (IVE engadido), son os seguintes:

- Prezo do menú do día do autoservizo ..... 7,70 €.
- Prezo do menú do día do comedor ..... 13,81 €.

Os prezo unitarios, por persoa, IVE engadido, dos servizos complementarios son os:

- Modalidade «almorzo en autoservizo» ..... 8,70 €
- Modalidade «café nas pausas» ..... 4,50 €

CSV: REXISTRO-ID44W7uYh-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior.

- Modalidade «aperitivo» .....20,80 €

Segundo o apartado catro do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas, o prezo non pode ser obxecto de revisión, polo tanto no caso de prórroga, os prezos unitarios seguirán sendo os mesmos.

IV. Segundo manifesta o informe do responsable do contrato, do 28 de novembro de 2024, ata agora a entidade ven prestando o servizo con normalidade e as necesidades e razóns de interese público que motivaron esta contratación, que xa se xustificaron no inicio do procedemento, permanecen vixentes polo que, informa favorablemente a prórroga do contrato.

V. Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando con normalidade e seguen vixentes as necesidades que se pretendían cubrir co contrato, e polo tanto, as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte Acordo:

1º) Prorrogar o contrato para a servizo de do servizo de cafetaría, comedores e servizos complementarios ata o 20 de marzo de 2026, inclusive.

2º) Notificarlle este acordo á empresa.

3º) Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

4º) Publicar o acordo no perfil do contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2025.01.03 10:47:12 +01'00'

CSV: REXISTRO-ID44W7uYh-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/01/2025 10:52:51
Nº Rexistro: 4471
Data envio: 03/01/2025 10:52:51.471

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 03/01/2025 10:47:12

CSV: REXISTRO-ID44W7uYh-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/